

O alumnado de 5º e 6º de primaria do colexio La Merced de Sarria, ampliou as actividade proposta MOBILIZA ROSALÍA, facendo moreas de postais e enviándoas a distintos locais comerciais, institucións, delegacións de xornais ...

*Acompañando á postal ía o seguinte texto:*

Sarria, 24 febreiro de 2016

Ola !!!!

Case estou vendo a cara de sorpresa que estás a poñer lendo esta carta.

Sabes?... Ese era o primeiro obxectivo ; sorprenderte e arrincarche un sorriso . Se aínda non o fixeches , veñá!!!

Sorrí!! ...Grazas!!! Sen dúbida disfrutarás dun boísimo día.

O vindeiro 24 de febreiro celebraremos o 179 aniversario do nacemento da nosa ROSALÍA DE CASTRO , unha galega que foi capaz de que Galicia e os Galegos fosen coñecidos e apreciados en todos os lugares do mundo mundial.

Nós, con motivo do seu aniversario queremos espallar Rosalía polo noso pobo de Sarria .

Con moito agarimo , os nenos de 5º e 6º de Primaria do CPR A MERCED fixemos a man moreas de postais cun poema de Rosalía . Poríanos moi contentos que tiveras a ben colaborar con Nós expoñendo no teu local este singular e humilde traballo, para que calquera veciño que dea un paseo pola vila poida ler os poemas e esbozar un sorriso de orella a orella.

Imaxinas o feliz que se sentirá a poetisa !!! ... Seguro que logo de esconderse o sol , Rosalía envíanos dende o ceo unha choiva de 179 estrelas cargadas de maxia e ilusión.

Boa sorte!!! Feliz día!!

Grazas, grazas, grazas!!!

Bicos mil!!!

Curiosidade numérica: 24-2-2016.  $2+4+2+2+0+1+6= 17$

179 aniversario.  $1+7+ 9 = 17$

Tamén por iniciativa destes dous cursos, hoxe ás 10 da mañá, un rapaz que foi alumno do colexio e compoñente da Charanga Madialeva; deunos a alborada interpretando coa súa gaita algunhas pezas.

*Enviamos algunhas fotos, aínda que están colgadas no facebook. Tamén hai un vídeo.*

Un saúdo.

